

# Obrigatorio circular con:



## Prohibicións

MANIPULAR O MÓBIL



USO DE AURICULARES

CONducir tras a inxesta de alcohol, drogas...



# Normas de circulación e estacionamento

## Prohibicións



PORTAR OBXECTOS/ANIMAIS QUE SOBRESAÍAN DO VMP

CIRCULAR EN PARALELO CON OUTRO VMP

NON RESPECTAR AS DISTANCIAS DE SEGURIDADE

CIRCULAR CON EXCESO DE VELOCIDADE

ESTACIONAR USANDO O MOBILIARIO URBANO

ESTACIONAR OBSTACULIZANDO A CIRCULACIÓN

CIRCULAR POLA BEIRARRÚA

USO SIMULTÁNEO DE MÁIS DE UNHA PERSOA

CIRCULAR DE NOITE OU CON BAIXA VISIBILIDADE  
NUN VMP QUE NON TEÑA LUCES

## Permitido



CIRCULAR POLO CENTRO DO CARRIL DEREITO

IR DESMONTADO POLOS PASOS DE PEÓNS

CIRCULAR COMO MÍNIMO A 1,5 METROS DOS PEÓNS  
EN ESPAZOS COMPARTIDOS

ESTACIONAR NOS APARCADOIROS DE BICICLETAS

ESTACIONAR NA BEIRARRÚA

(Se non hai aparcadoiro de bicicletas a menos de 50 m.  
En fila, sen entorpecer o paso dos peóns, e a 50 cm do borde da beirarrúa)

# Infraccións e sancións no uso do VMP

Debe identificarse sempre á persoa condutora.

Proxenitores/as ou titores/as terán a responsabilidade solidaria no caso de sancións a menores de idade.

**A.  
LEVES**  
Ata 100€


**A1.** Circular sen manter as distancias de separación mínimas indicadas na ordenanza.  
**A2.** Estacionar o VMP fóra dos espazos reservados segundo a ordenanza.  
**A3.** Amarrar ou atar o VMP en lugares especificamente prohibidos.

**B.  
GRAVES**  
101-200€

**B1.** Incumplir as normas sobre limitación de velocidade, excedendo ata nun 50% a máxima permitida.  
**B2.** Circular sen ter a idade mínima permitida.  
**B3.** Circular excedendo o uso unipersoal.  
**B4.** Circular carecendo de sistema de freado.  
**B5.** Circular con auriculares conectados a receptores ou reprodutores de son.  
**B6.** Circular por vías ou zonas prohibidas.  
**B7.** Circular incumprindo as condicións de circulación esixidas pola ordenanza e demais normativas de aplicación.  
**B8.** Circular sen o casco e/ou pezas de roupa ou elementos reflectores.  
**B9.** Circular sen levar timbre e/ou luces se por construción estivera obrigado.  
**B10.** Conducir utilizando un teléfono móbil ou outro medio ou sistema de comunicación que implique uso manual.  
**B11.** Estacionar fóra dos espazos reservados, obstaculizando a circulación peonil ou doutros vehículos.

**C.  
MOI GRAVES**  
201-500€

**C1.** Incumplir as normas sobre limitación de velocidade, excedendo en máis dun 50% a máxima permitida.  
**C2.** Circular con taxas de alcohol no organismo superior ás establecidas regulamentariamente, ou con presenza de drogas.  
**C3.** Circular con temeridade, provocando circunstancias de risco propio ou para terceiros, e que poidan poñer en perigo o resto de usuarios/as da vía.  
**C4.** Circular cun aparello que non teña a consideración de VMP e que, á súa vez, estea fóra do ámbito de aplicación do Regulamento (UE) nº 168/2013.  
**C5.** Carecer de seguro de responsabilidade civil.  
**C6.** Exercer actividade económica con VMP sen ter obtido as autorizacións pertinentes.



## Os VMP con guiador poden circular por:

- TODAS AS VÍAS CICLISTAS (10-20 km/h)
- ZONAS RESIDENCIAIS (10 km/h)
- ZONA VELLA CENTRO/BOUZAS (10 km/h ou 5 km/h se hai peóns preto)
- ZONAS 30 (25 km/h)
- CALZADA (25 km/h)
- CARRÍS-BUS (25 km/h)

### Quedan excluídos:

- Túneles e pasos inferiores
- Vías interurbanas, autoestradas, etc.
- Gran Vía entre Venezuela e Pza. América
- Avda. de Madrid nos carrís centrais
- Avda. de Beiramar
- Avda. de Clara Campoamor
- Avda. do Arquitecto Palacios
- Avda. de Citroën
- Avda. de Castelao



## Os VMP sen guiador:

NON PODERÁN COMPARTIR ESPAZO CON VEHÍCULOS A MOTOR (COCHES, MOTOS...) AGÁS NAS ZONAS RESIDENCIAIS E NOS CASCOS VELLOS DO CENTRO E BOUZAS.




ASOCIACIÓN DE USUARIOS  
DE VEHÍCULOS DE MOBILIDADE PERSOAL  
DE VIGO

[www.vigovmp.org](http://www.vigovmp.org)



Defendemos os dereitos e intereses das persoas usuarias de VMP de Vigo. Os obxectivos da asociación son:

- Promover as boas prácticas e o uso responsable de VMP na nosa cidade, con especial atención á mocidade.
- Axudar, informar e asesorar en todo o relacionado coa micromobilitade.
- Desenvolver actividades de formación e seguridade no uso de VMP.
- Reivindicar a convivencia respectuosa dos distintos modos de transporte.
- Ser unha plataforma de intercambio de ideas e un interlocutor especializado en temas de micromobilitade sostible.
- Desenvolver actividades de lecer, socioculturais e de promoción da cidade de Vigo.



## ASÓCIATE!

E goza das seguintes vantaxes:

- Descostos en tendas e negocios
- Obradoiros, consultas, consellos...
- Rutas e actividades de lecer
- Actividades socioculturais, etc.

## Coñece a nova Normativa sobre VMP no Concello de Vigo



UTILIZA ESTE CÓDIGO QR PARA ACCEDER AO TEXTO COMPLETO DA NORMATIVA PUBLICADA NO BOPPO (Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra)

## Que é un VMP?

Defínese como **vehículo de mobilidade persoal (VMP)** aquel dunha ou máis rodas dotado dunha única praza e propulsado exclusivamente por motor/es eléctrico/s que pode/n proporcionar ao vehículo unha velocidade máxima por deseño comprendida entre 6 e 25 km/h. Os VMP só poden estar equipados cun asento ou sela se están dotados de sistema de autoequilibrado.

